

# Normas biblioteca protocolo COVID19

**AFORO:** O aforo reducirase ao 50%. Por esta razón só se poderán utilizar os espazos habilitados. Haberá 12 postos debidamente sinalados distribuídos polos distintos espazos da biblioteca.

**CIRCULACIÓN:** A circulación pola biblioteca por regra xeral, farase de maneira individual. Para coller ou deixar os libros ou outro material deberase agardar a quenda no posto correspondente e seguiranse as instrucións do mestre-a acompañante.

**MEDIDAS DE HIXIENE E PROTECCIÓN:** A máscara é obrigatoria en todo momento. Hixienizaranse as mans antes de entrar e ao saír usando o dispensador que se atopa na sala de usos múltiples no acceso á biblioteca.

Antes de saír, os usuarios-as hixienizarán os postos que teñan ocupado. No caso de utilizar algún dos ordenadores da biblioteca, ao remate estes tamén serán hixienizados (sempre botando a solución hidroalcohólica sobre o pano, nunca directamente sobre o ordenador).

O equipo de biblioteca ou mestre-a que faga o préstamo hixienizará o seu posto de traballo (mesa, cadeira e ordenador) ao remate de cada uso.

As ventás estarán abertas o máximo tempo posible, deixando entre grupo e grupo un período de 10-15 minutos de ventilación. Será a mestra titora/mestre titor ou o equipo de biblioteca o encargado de deixar as ventás abertas cando abandone a biblioteca.

**PRÉSTAMOS E DEVOLUCIÓN:** Para a realización do préstamo, cada grupo terá unha hora semanal na que o alumnado baixará en grupos reducidos ou individualmente.

Como norma xeral traeremos pensado previamente o que queremos, para evitar tocar o que non imos levar. Utilizarse o OPAC MEIGA para a busca de libros.

Os libros ou outros materiais que se devolvan quedarán nas caixas de devolucións en corentena durante 2 días despois dos cales se devolverán no programa MEIGA e se colocarán de novo nos andeis. As caixas hixienizarse entre uso e uso. **Non é aconsellable usar produtos desinfectantes con libros xa que se poden danar.**

**ALUMNADO VOLUNTARIO:** Durante o mes de setembro e outubro o alumnado de 6º elaborará pequenos tutoriais e outros materiais de formación e difusión. Tamén se encargará de realizar outras actividades de animación á lectura.

#### **OUTROS ASPECTOS:**

- Suspenderase o uso da biblioteca durante os recreos polo momento neste primeiro trimestre.
- Poderase usar a biblioteca, para a realización doutras actividades por parte das titorías, tendo en conta o horario dispoñible.
- As titoras e titor en colaboración co equipo de biblioteca elaborarán a "caixa de libros" para formar a biblioteca de aula, que se renovará periodicamente .
- A sección de xogos da biblioteca queda fóra de uso polo momento. Colocaranse fóra do alcance ata que a situación mellore.
- O blogue e a páxina web serán as ferramentas empregadas para a comunicación e interacción do alumnado no referente á biblioteca.

- Participación das familias: invítarase ás familias a participar en actividades seguindo as recomendacións sanitarias.
- A biblioteca non se abrirá como actividade extraescolar polas tardes.
- Non se comerá nin beberá na biblioteca e falarase baixo.

**TODAS ESTAS NORMAS PODEN SUFRIR VARIACIÓNS AO LONGO DO CURSO.**

